

Expediente núm.: 3163/2021

Resolución

Procedemento: CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NO ORZAMENTO XERAL DE 2021

Interesado: _____

Data de iniciación:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SUBVENCIONS NOMINATIVAS SERVICIOS SOCIALES 2021

VISTO o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2021, onde figura o correspondente ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS QUE ACOMPAÑA AO ORZAMENTO PARA 2021, así como a consignación correspondente nas aplicacións orzamentarias, 231.48900 destinadas ao outorgamento de subvencións e axudas nominativas por parte deste Concello de Ribadeo.

VISTO á súa vez o disposto na seguinte normativa aplicable ao asunto en cuestión:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Bases de Execución do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2021
- Ordenanza Xeral reguladora de Subvencións do Concello de Ribadeo

Tendo en conta estes antecedentes, de acordo coa competencia outorgada polo artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. – Aprobar a concesión das subvencións e axudas nominativas do exercicio 2021 recollidas nos Orzamentos Xerais a favor dos seguintes beneficiarios, coas finalidades e polos importes máximos que se recollen na táboa seguinte:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO E FINALIDADE
FUNDACION EDES	G33585332	1.500	231.48900	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA
ASOCIACION AXUDA ENFERMO MENTAL	G27262799	3.500	231.48900	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA
CARITAS PARROQUIAL	G15030380	4.200	231.48900	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA

SEGUNDO. – En aplicación do disposto no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 28 da Lei xeral de subvencións (LXS), que sinala os **CONVENIOS** como o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado ou das Corporacións locais, **aprobar o MODELO DE CONVENIO PARA 2021 E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA** que se engade como anexo a esta resolución.

Deste xeito, con cada unha das asociacións que se recollen na táboa anterior deberá asinar co concello un convenio específico para a anualidade 2021, **sen o que non se estimará cumpridos os requisitos necesarios para facer, no seu momento, efectivo o pagamento, no seu caso.**

Corresponderá en consecuencia ao Alcalde-Presidente da Corporación, en representación do Concello de Ribadeo, a competencia para a sinatura dos convenios a subscribir cos beneficiarios, nos que se recollerán os importes definitivos da axuda a cada asociación así como os dereitos e obrigas das partes, de acordo co disposto no citado artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRO.- Dar publicidade á concesión das presentes axudas no portal de transparencia municipal e base de datos nacional de subvencións, de acordo co sinalado no artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.



CUARTO.- Notificar o presente acordo aos beneficiarios das subvencións, instando a súa comparecencia no Concello de Ribadeo para a subscripción dos oportunos convenios, así como aos distintos departamentos municipais afectados, para que realicen os trámites precisos para que teña lugar esta sinatura.

Mándao e asínoa ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA, en Ribadeo, a data de sinatura en 2021; do que, como SECRETARIO, dou fe.

O SECRETARIO,
JOSE A. CARRO ASOREY

ALCALDE
Asdo.: FERNANDO SUÁREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

